



**ciTIUS**





Centro Singular de Investigación  
en **Tecnoloxías da**  
**Información**

**Salón de actos**  
Información sobre o uso do  
equipamento da sala.

## **i** Uso do sistema de proxección

- 1 Pulsar no botón  do mando Logitech Harmony 600 para ir a «Actividades».



- 2 Usar os botóns   para desplazarse entre as opcións e usar un dos botóns laterais   para seleccionar unha actividade segundo a conexión que se queira utilizar entre as cinco dispoñibles.

*Nese intre, comezará a secuencia de acendido dos distintos equipos.*



O mando tentará configurar os equipos automáticamente, pero non o conseguirá facer ben con todos xa que están en distintos sitios

- 3 Para configurar os dispositivos restantes, usar os botóns situados na nova pantalla.



En cada actividade hai só os botóns necesarios para a entrada desexada. Hai que encender todos os dispositivos e seleccionar as entradas marcadas.

*Dúvidas: Consultar a «Guía de referencia de conexións de vídeo» máis adiante.*

- 4 Para apagar, usar os botóns situados na pantalla estando dentro da actividade correspondente e apuntar cara ós aparellos.





**NON SE DEBE TOCAR A CONFIGURACIÓN DO PROXECTOR.**  
O proxector sempre usa a entrada HDMI independentemente da conexión.

## **i** Uso do PC da sala

- 1 Acender o PC situado no armario pulsando no botón de acendido .


- 2 Seleccionar a conexión de vídeo correcta. Ver «Uso do sistema de proxección» xusto enriba para máis información.

- 3 Se despois duns segundos o PC da sala non mostra imaxe por ningunha pantalla, apagar pulsando brevemente una vez no botón de acendido . Cando remate de apagar, volver a acender pulsando o botón  unha vez máis.


- 4 Introducir o nome de usuario e o contrasinal do CITIUS, ou ben usar a conta de convidado\*.


(\* A conta de convidado bórrase unha vez remata a sesión e non pode facer uso de máquinas virtuais nela.

## i Grabación de vídeo

- 1 Acender o PC da sala. Ó usar o PC para grabar, non se pode utilizar para proxectar polo que hai que facer uso dalgún portátil.
- 2 Entrar na sesión do usuario «Grabacións» co contrasinal «grabacions».
- 3 Se se quere controlar a cámara unha vez comezada a grabación mentres dura a conferencia, é preciso activar a compartición de escritorio e conectarse dende un portátil.  



Compartición escritorio

Premer no icono «Compartición escritorio» para activar a compartición de escritorio. A IP deste ordenador é 172.16.243.178
- 4 Comprobar que hai espazo dispoñible para grabar vídeos. Os vídeos ocupan aproximadamente 40GB por hora de grabación e almacénanse no directorio «Grabacions» que está no escritorio.
- 5 Acender a cámara, pulsando no botón do mando a distancia da cámara.
- 6 Premer no icono «Media Express» para abrir o programa de grabación.  


Media Express
- 7 Abrir a solapa «Log and Capture». Debería aparecer a imaxe da cámara na parte superior.  

- 8 Axustar a posición da cámara usando o mando a distancia da cámara. Pódense utilizar as posicións predefinidas 1 a 6 cos botóns numéricos ou movela libremente cos controis de movemento e ampliación.
- 9 Premer no botón «Capture» cando se queira comezar a grabar. Para rematar a grabación, volver a premer no mesmo botón.
- 10 Retirar as grabacións do equipo para evitar que outras persoas accedan a elas ou as borren, usando un disco duro USB ou pendrive.




O mando a distancia da cámara



Mentres graba, o programa amosa unha animación, a duración do vídeo e o espazo restante en disco.

## i Situación dos aparellos no armario



## i Guía de referencia das conexións de vídeo

		ENTRADA A UTILIZAR				
		PC DO ARMARIO	HDMI DA MESA	VGA DA MESA	HDMI DO ATRIL	VGA DO ATRIL
CONFIGURACIÓNS	PROXECTOR	HDMI	HDMI	HDMI	HDMI	HDMI
	PANTALLA COLUMNA	●	●	●	●	●
	MATRIZ GENERAL	3	2	2	2	2
	MATRIZ HDMI MESA ATRIL	●	A2	A1	A3	A4

**LENDA**


● = APAGADO

● = ENCENDIDO


2 = ENCENDIDO, POSICIÓN 2

A2 = ENCENDIDO, ENTRADA "A" NA POSICIÓN 2

## ! Guía de resolución de problemas

Problema	Posibles solucións
<b>!</b> O proxector non encende cando selecciono a actividade no mando a distancia.	<ul style="list-style-type: none"><li>● Preme o botón «Pantalla on/off» ou «Proxector on/off» do LCD do mando a distancia para encender ou apagar o proxector e as pantallas.</li><li>● Se non aparecen os botóns citados nas pantallas, pulsa no botón  e selecciona calquera actividade.</li></ul>
<b>!</b> Non se ve a imaxe no proxector.	<ul style="list-style-type: none"><li>● Asegúrate de que as matrices HDMI correspondentes están ben configuradas. Revisa a sección «Guía de referencia das conexións de vídeo» e comproba os indicadores das matrices.</li><li>● A imaxe tarda uns segundos en aparecer nas pantallas e ata cinco segundos máis en aparecer no proxector, agarda un pouco.</li><li>● Comproba a configuración do equipo conectado. Se o equipo é o PC da sala, preme o botón de APAGADO unha vez, agarda a que se apague, e volve a encendelo.</li></ul>
<b>!</b> A imaxe proxectada é de mala calidade ou a imaxe só é visible nas pantallas pero non no proxector.	<ul style="list-style-type: none"><li>● Se recibes unha mensaxe de «Resolución non compatible», intenta cambiar a resolución de saída do ordenador.</li><li>● Baixa a resolución a 720p, 1024x768 ou incluso 800x600 ata que consigas unha imaxe de calidade e estable.</li><li>● Apaga o proxector e o PC da sala. Deixa que enfríe o proxector. Entón, pulsa e mantén pulsado o interruptor xeral situado no armario (interruptor negro con luz laranxa, á esquerda do PC). Cando se apaguen todos os indicadores LED de todos os aparellos, solta o botón e entón volve a intentalo.</li></ul>
<b>!</b> A cámara non mostra imaxe algunha na solapa «Log and Capture» do programa Media Express.	<ul style="list-style-type: none"><li>● Asegúrate de que nas preferencias aparece seleccionado o formato 720p a 59.95 cadros por segundo. Pecha e volve a abrir o programa unha vez esté a selección ben feita.</li><li>● Chama ó 16409 ou vai ó laboratorio de unidades de apoio para que comprobren as conexións da cámara.</li></ul>

## i Uso do sistema de amplificación de son

- 1** Pulsar no botón grande  situado no aparello etiquetado coma «Amplificador de sonido».
- 2** Axustar os controis etiquetados coma «Altavoces dianteiros» e «Altavoces traseiros» á súa posición de orixe nese mesmo aparello.

- 4** Utilizar os controis deslizantes da «Mesa de mezclas» para axustar o volume do aparello requerido, así coma o volume de saída global (controis en amarelo).

Se aparece estática, axustar os volúmenes do amplificador de sonido e da mesa de mezclas para atopar un axuste aceptable.

- 3** Conectar os micrófonos segundo se vaian a utilizar:

- Micrófono de solapa: Acender a base e a petaca.
- Micrófono de man: Acender a base e poñer o botón do micrófono na posición de acendido.
- Micrófonos das mesas. Conectar os micrófonos que se vaian a usar nas conexións das mesas e pulsar o botón de acendido.
- Micrófonos do atril. Conectar o micrófono á conexión do atril.




## i Guía do mando a distancia

Seleccionar unha das actividades presentes na pantalla

Seleccionar actividade

Pasar de páxina para ver máis actividades



Mando de control universal